



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da oferta de emprego público. Procedementos de estabilización conforme ao previsto no artigo 2, na Disposición Adicional 6ª e demais concordantes da lei 20/2022, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Núm. Admvo. Expte: 2022/E003/000001

Expte. Decreto Núm: 2022/G003/000595

Resultando que por esta Alcaldía ordenouse a incoación de expediente para tramitar os correspondentes procedementos de estabilización neste Concello, conforme ao previsto no artigo 2 e na Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Considerando que o seu artigo 2.3 esixe que a taxa de cobertura temporal se sitúe por debaixo do 8% das prazas estruturais.

Considerando que para o cumprimento dese obxectivo no seu artigo 2.1 autoriza unha taxa para a estabilización de emprego temporal adicional á prevista nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 -LPGE 2017-, e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 -LPGE 2018-, que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas, estean dotadas presupuestariamente, e estean ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020.

Considerando que o sistema de selección será o de concurso, en virtude da Disposición Adicional 6ª.

Considerando que a súa Disposición Adicional 6ª prevé ademais que as administracións públicas convoquen, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 da Real Decreto Lei 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

Considerando que estas ofertas de emprego deben aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais sendo coordinados polas Administracións Públicas competentes, en virtude do previsto no artigo 2.2.

Considerando o informe de Secretaría-Intervención municipal.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Considerando que a proposta foi obxecto de negociación coas organizacións sindicais máis representativas, por aplicación do disposto nos artigos 36.3 e 37.1.c) e 37.l) da Real Decreto Lei 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-.

Considerando que a aprobación da oferta de emprego público corresponde a esta Alcaldía, en virtude do previsto no artigo 22.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.

Á vista de todo o exposto,

RESOLVO:

PRIMEIRO. - Aprobar a seguinte oferta de emprego público, en cumprimento do previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

PERSOAL LABORAL FIXO:

Denominación	Categoría	Número de prazas	Xornada	Sistema de acceso estabilización
Profesor/a de música (xornada parcial do 50%)	profesor	1	Parcial do 50%	concurso
Operario/a de servizos municipais	peón	2	Completa	concurso
Responsable Omix e oficina de turismo	encargado	1	Completa	concurso
Monitor/a deportivo/a	monitor	1	Completa	concurso
Guía turístico e guía medioambiental	guía turístico	1	Completa	concurso
Auxiliar administrativo/a	auxiliar administrativo	1	Completa	concurso
Auxiliar de axuda no fogar	auxiliar	3	Completa	concurso
Orientador/a laboral	técnico	1	Completa	concurso
Animador/a cultural	animador cultural	1	completa	concurso

SEGUNDO. - Publicar a oferta de emprego público na sede electrónica deste concello, no seu taboleiro de anuncios, no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento e interposición dos recursos que, no seu caso, os/as interesados/as consideren oportuno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Mándao e asíno en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o primeiro tenente de alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, delegación por ausencia (Resolución núm. 509/2022, de 13/09/2022), do que eu como secretaria accidental dou fe.

O primeiro tenente de alcalde
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora accidental
Asdo. Emilia Alborés Lema